

Presentación

Tanto a terminoloxía como disciplina como o traballo terminolóxico son realidades poliédricas, que posúen distintas caras complementarias desde as que poden ser abordadas. Maria Teresa Cabré (1993: 83) destaca tres aproximacións, non únicas, á materia da terminoloxía: desde a lingüística, como unha parte do léxico especializado por criterios temáticos e pragmáticos; desde as disciplinas científico-técnicas, como reflexo formal da súa organización conceptual; e, desde a perspectiva do usuario, como conxunto de unidades de comunicación útiles e prácticas que respondan a criterios de economía, precisión e adecuación da súa expresión.

Fronte a unha etapa caracterizada pola superespecialización e pola demarcación de ámbitos de investigación estreitamente delimitados, e mesmo pechados, hoxe vese con claridade a necesidade da colaboración interdisciplinaria, sobre todo na ciencia aplicada. A terminoloxía é un dos campos en que a necesidade do traballo colaborativo é máis evidente. Evidentemente, traballo colaborativo na constitución de grupos de traballo, nos que é imprescindible a presenza do terminólogo ao lado do especialista en cada materia, do documentalista e do informático. Pero necesidade tamén de colaboración entre os poderes públicos e os axentes sociais sobre todo cando a terminoloxía constitúe un recurso imprescindible para avanzar no proceso de normalización de linguas que se atopan nunha situación desfavorecida.

A rede de lexicografía RELEX quixo reunir neste volume un mangado de estudos que puxesen o seu centro de interese no traballo colaborativo, completado con achegas que mostran outras caras da terminoloxía derivadas do seu carácter multifacético.

Os traballos recibidos foron sometidos a un minucioso proceso de avaliación por pares, e só foron aceptados aqueles que resultaron valorados positivamente e que aceptaron as correccións suxeridas polos avaliadores, o que

sucedeu na maioría das ocasións. Nos casos de discrepancias importantes na valoración dos avaliadores, solicitouse o informe doutros dous especialistas.

Este libro ábrese cun texto de M.^a Teresa Cabré no que reflexiona sobre a evolución da súa concepción da terminoloxía ata o momento actual, marcada por unha etapa inicial, caracterizada pola adopción dos postulados wüsterianos que defendían a univocidade dos termos; unha etapa intermedia, na que tomou conciencia da diversidade inherente a toda comunicación humana; e unha etapa final, orientada á confirmación da existencia de variación conceptual e denominativa na comunicación especializada, e que culminou co desenvolvemento dun marco teórico, articulado na Teoría Comunicativa da Terminoloxía, na que se afronta o estudo do termo desde unha óptica poliédrica.

Deseguido ofrecemos un grupo de estudos centrados en diversos aspectos da variación terminolóxica e baseados nos principios enunciados por esa Teoría. Sabela Fernández-Silva revisa o tratamento da variación nas principais tradicións terminolóxicas e os estadios evolutivos nos que se poden clasificar os estudos descritivos, ao tempo que advirte da necesidade de complementar as análises de corpus nas que se fundamenta actualmente a investigación con outros métodos de base experimental ou sociolingüística. Luciana Monteiro e Maria da Graça Krieger analizan a variación conceptual en xéneros textuais con niveis de especialidade diferentes, a través do exame do termo *feminicidio*, un delito tipificado no Código Penal brasileiro, observando distintas aproximacións ao concepto segundo o destinatario do texto.

Outros traballos oriéntanse á análise da variación denominativa en ámbitos específicos, como o turismo, a contabilidade ou a sanidade. Mercedes López explora as distintas designacións documentadas nun corpus de textos turísticos para referirse ao *tourisme alternatif*, as relacións semánticas existentes entre elas e os padróns léxicos utilizados na nomenclatura. Johannes Schnitzer afonda na variación formal e semántica presente a nivel inter- e intratextual nos informes anuais das empresas que cotizan en bolsa e analiza a relación entre o grao de variación e o nivel de especialización dos textos. Nathalie Lemaire *et al.* presentan o proxecto colaborativo iMediate, que permite a identificación das variantes denominativas utilizadas na documentación médica, relevantes para a ampliación dos repertorios médicos existentes, a creación de ontoloxías específicas ou o desenvolvemento de linguaxes controladas.

O texto de Maria Teresa Zanola abre un segundo bloque temático dedicado a traballos centrados nas terminoloxías de dominios específicos. Maria Teresa Zanola reflexiona sobre a importancia da terminoloxía como motor de desenvolvemento e de transmisión do coñecemento a través do estudo do vocabulario dun oficio tradicional, o dos curtidores, e a súa codificación en enciclopedias, tratados e glosarios específicos. Aborda ese estudo léxico-semántico desde unha perspectiva diacrónica (séculos XVII-XIX) e nun contexto multilingüe (francés e italiano), o que lle permite dar conta da estabilidade morfosemántica do vocabulario técnico.

Michalis Dirchalidis e Paschalia Patsala tratan sobre os elementos lingüísticos que confiren o carácter especializado ao discurso a través da análise da frecuencia e función de termos especializados e verbos modais nun corpus xurídico, con sorprendentes resultados extrapolables a outros ámbitos.

Caroline Lúcia Costa Moia Chichorro presenta a metodoloxía seguida para a elaboración dun proxecto terminolóxico sobre o licenciamiento ambiental e as ferramentas informáticas que poden ser de axuda en cada fase do traballo.

Cristina Bofill e Àlex Hinojo relatan as posibilidades que ofrece o traballo colaborativo na elaboración e difusión dos proxectos terminolóxicos a través da súa experiencia no desenvolvemento dun vocabulario ilustrado de instrumentos musicais entre o TERMCAT e Amical Wikimedia.

Carla Castro Lorenzo analiza a utilidade que ofrecen os recursos terminolóxicos multilingües para o ensino/aprendizaxe dunha lingua estranxeira con fins específicos, a través das informacións que presenta un dicionario especializado en enxeñería e outro en automoción.

A terminoloxía empresarial é motivo de varias investigacións, como a que ofrecen as seguintes autoras. En primeiro lugar, Maria da Graça Krieger defende a implantación dunha xestión terminolóxica eficaz nas empresas para mitigar os principais problemas de índole terminolóxica aos que se enfrontan as organizacións, como a elevada variación denominativa, a ampla diversidade de sectores representados e o recurso aos profesionais do márketing para a solución de problemas denominativos. No segundo, Alexandra Feldekircher Müller defende a utilización do organigrama da empresa como ferramenta para a identificación e clasificación da terminoloxía empresarial, ao tempo que reflexiona sobre a figura do xestor terminolóxico e o seu perfil para o óptimo manexo da terminoloxía empresarial.

Dous estudos ocúpanse do tratamento dos termos especializados nos dicionarios xerais, un do léxico equino e outro do léxico informático. Fernando Groba céntrase na análise da calidade das definicións e exemplos que ofrecen para os termos hipolóxicos dous dicionarios galegos, nos que detecta certas carencias, con informacións que ás veces resultan insuficientes ou imprecisas para entender o concepto ao que aluden. Azra Hayat-Vautrin sonda a implantación en tres dicionarios xerais de francés das denominacións estandarizadas para un conxunto de termos informáticos e achégase aos criterios lexicográficos que conduciron á súa incorporación ou exclusión das nomenclaturas.

Este bloque péchase cun texto de Marta Małachowicz, quen presenta a evolución do traballo terminolóxico realizado en Polonia desde a súa orixe, vinculada ás linguaxes para propósitos específicos, así como o panorama actual e os retos futuros que debe afrontar.

Manuel Célio Conceição abre o terceiro bloque temático, no que agrupamos un conxunto de estudos realizados en ámbitos multiculturais. M. C. Conceição defende unha nova abordaxe da terminoloxía, na que se rompa coa política lingüística imperante, orientada á neutralización da especificidade e á eliminación da supeditación a unha lingua dominante, e na que se definan novos presupostos teóricos e procedementos metodolóxicos desde unha perspectiva lingüística, epistemolóxica, cognitiva e discursiva.

Cristina Martins Fargetti reflexiona sobre o concepto de *terminoloxía etnográfica*. Contrapón a tendencia á globalización da nosa sociedade, caracterizada pola homoxeneización do coñecemento, á valorización da especificidade, representada polas pequenas comunidades indíxenas do Brasil, cunha particular organización da realidade adaptada á súa cultura e tradicións.

Ana Alicia Manso Flores e Xosé-Henrique Costas González xustifican o recurso a arcaísmos léxicos do valego, a variante galego-portuguesa falada no val do río Ellas (Cáceres), para substituír moitos dos castelanismos presentes no galego actual, e defenden a necesidade de desenvolver iniciativas para a recuperación desta variante pola importancia que ten para a lingua galega.

Alexandra Albuquerque, Rute Costa e José Paulo Esperança chaman a atención sobre a inexistencia dunha planificación terminolóxica nas empresas multinacionais, en especial no relativo á terminoloxía puntual, e defenden a necesidade de introducir un discurso proactivo que poida convencer as empresas da necesidade de implantar sistemas de xestión

terminolóxica integrados para aumentar a súa produtividade, a eficiencia e o retorno do investimento.

Por último, incorporamos tres análises ontolóxicas nas que se detallan distintas aproximacións á organización das relacións existentes entre os termos dun dominio. Manuel Moreira da Silva presenta unha metodoloxía para a especificación multilingüe de ontoloxías de dominio, que debe ser abordada desde unha perspectiva conceptual e lingüística para dar conta da heteroxeneidade e multiculturalidade á que fan referencia. Pola súa parte, Miguel Solla Portela e Xavier Gómez Guinovart explican a metodoloxía e os recursos utilizados para o desenvolvemento de Termonet, unha ferramenta que permite a verificación das variantes léxicas documentadas en WordNet en corpus especializados desambiguados. Finalmente, Mariana Pitar xustifica a importancia da organización conceptual do dominio e analiza o tratamento que reciben as relacións ontolóxicas en diversos recursos terminográficos en liña.